



## "O Compromiso con Caldas de Reis é total"



### Que foi o que o motivou a dar o paso de iniciarse no mundo da política?

Foi a preocupación por Caldas de Reis e a impotencia de ver as oportunidades que se foron perdendo ao longo destes anos nun pobo que debería ser o motor económico da comarca, ofrecendo emprego a todos aqueles namorados da nosa vila e que queiran crear aquí un proxecto de futuro. Non é normal que tendo superado a barreira dos 10.000 habitantes agora esteamos por debaixo. Este é un claro indicador de que non se están facendo ben as cousas.

### Cal é o balance que fai de todo o tempo transcorrido dende que participa en política?

No eido persoal, o balance é moi positivo. Puiden coñecer mellor cada recuncho do noso termo municipal, relacionarme con tódolos veciños e traballar con colectivos que cada día contribúen a que mellore a calidade de vida dos caldenses. No que se refire á política, coñecín de primeira man o moito que está por facer en Caldas e sobre todo como non se debe gobernar. Considero que estes anos de goberno socialista de Juan Manuel Rey chegaron ao seu fin e que o seu modelo está esgotado. É o momento de comezar un novo proxecto político con outras per-

soas, con novas ideas, con moito traballo e pensando no futuro.

### Dende hai uns meses combina o seu labor na política local coa responsabilidade que supón ser deputado no Parlamento de Galicia. En que se diferencian para vostede estes dous ámbitos?

Estou tremendamente orgulloso de estar na sede da soberanía do pobo galego, de ser deputado autonómico do Partido Popular que goberna con éxito Galicia e sobre todo de estar ao carón do presidente Alfonso Rueda, co que teño unha gran relación persoal e que, polo tanto, conta coa miña absoluta e incondicional fidelidade. Pero para min o máis importante desta posición é que me permite defender os intereses da provincia de Pontevedra e en especial os de Caldas de Reis no lugar onde se toman as decisións, establecendo unha relación directa cos conselleiros e os seus equipos que redunda en importantes beneficios para a nosa vila, e por extensión, para a toda a provincia.

### En que cambia a forma de facer política no Pazo do Hórreo e no número 1 da Ferrería?

A forma de facer política é bastante diferente. Alí decídese a Galicia do futuro e iso permíteme ver como

temos que orientar a política local para converxer nese mesmo horizonte.

### **Se resulta elixido Alcalde o vindeiro 28 de maio, cesará coma Deputado no Parlamento de Galicia?**

Representar aos galegos na sede da súa soberanía que é o Parlamento está sendo, ademais dunha honra, unha aprendizaxe moi importante pero, dende logo, se os meus veciñ@s outórganme a súa confianza maioritaria, como así o esperamos o 28 de maio, o luns seguinte a primeira hora será un orgullo renunciar á miña acta no Hórreo para volcarme ao cen por cen coa enorme tarefa que nos espera para os vindeiros anos.



### **É vostede un deses políticos que na casilla de “profesión” poden presumir de ter unha vida profesional máis aló da política. No seu caso, como empresario e economista, como concilia estas dúas facetas?**

Non é doado. Pero a base de tempo e sacrificio acádase o equilibrio. Para min resultou un pouco máis sinxelo porque temos un Grupo Parlamentario presidido polo noso magnífico voceiro Pedro Puy e no que todo o persoal, xunto con todos os compañeiros, fan un grandísimo equipo. Isto contribuíu enormemente a que a adaptación fose moi doada.

« **Non é normal que tendo superado a barreira dos 10.000 habitantes agora esteamos por debaixo.** »

### **Como é o seu día a día?**

O meu día a día, ao non ter dedicación absoluta, consiste en participar en todos os foros políticos nos que estou como representante. E logo, no resto das horas, facer o traballo da política local, atender o meu traballo profesional e estar coa familia.

### **Como leva a conciliación da faceta política e profesional coa súa vida familiar?**

A conciliación é fácil grazas á comprensión da miña dona, dos meus fillos e do resto da familia e amigos. Pero evidentemente implica sacrificios, porque perdes tempo de estar coa túa xente e en ocasións trátase de tempo que nunca recuperas. Eu por desgraza sei do que falo porque nesta lexislatura perdín ao meu sogro e á miña nai. Dúas persoas imposibles de reempregar e dous apoios fundamentais para min.

### **Cales son os principais valores que lle transmite aos seus fillos?**

Sempre tratei de transmitirlles que o importante na vida é ser felices, boas persoas, honestas, de palabra, traballadoras e aspirar a ser os mellores en todo o que participen. Sempre lles digo que levan uns apelidos que nunca deben deshonrar.

« **A conciliación é fácil grazas á comprensión da miña dona, dos meus fillos e do resto da familia e amigos.** »

### **Que significa para vostede vivir en Caldas?**

Sempre vivín en Caldas e para min significa todo. Nacín, creíme e logo, de adulto, foi unha elección persoal. Sempre tiven claro que quería vivir neste pobo e cada recuncho del tráeme preciosas lembranzas de bos momentos con amigos e coa familia. Experiencias vitais insubstituíbles. Nel din os meus primeiros pasos: nas Baldosas aprendín a andar en bicicleta, no Umia aprendín a nadar e a pescar, no Xardín foi o meu primeiro bico... Alá por 1992 comecei o meu proxecto de familia e o meu proxecto empresarial e profesional. Aquí naceron os meus fillos, fixen a miña casa, vive meu pai e descansa a miña nai. Está claro que vivir en Caldas para min é innegociable. É unha honra.

Dende logo eu non podo concibir que un Alcalde non viva no seu pobo e esto está a suceder en Caldas dende fai tempo; esta ausencia nótase no día a día e cremos, honestamente, que os caldenses merecen un Alcalde que estea ao seu carón as 24 horas do día.

### **Como caldense, cal é a valoración que fai da evolución da vila ao longo destes anos?**

Caldas de Reis sempre foi a cabeceira da comarca: era o pobo con mellores servizos, con industria, con un potente comercio... E notábase porque era o que máis medraba en poboación. Pero dende fai uns anos estamos, como dicía antes, baixando en poboación. Baixamos dos 10.000 habitantes e iso indica que os concellos da nosa comarca están facendo as cousas mellor ca nós. Porque os veciños de Caldas en moitas ocasións vense na obriga de ter que acudir a concellos limítrofes para desfrutar dalgúns servizos, para atopar vivenda ou para algo tan básico como traballar. E o problema vén cando ao equipo de Goberno actual lle trasladadas esta situación e o único que obtés a cambio, en lugar de autocrítica, é soberbia e autoconvencemento de que son os mellores.

« **Sempre vivín en Caldas e para min significa todo.** »

### **Se lle digo 800.000 € que lle vén á cabeza?**

Vénme unha sentenza que Caldas ten que afrontar en breve por culpa dun Goberno que non foi quen de



defender nos Xulgados unha licenza para un edificio, deixando a protección dos intereses dos caldenses en mans da promotora e dalgún familiar do equipo de goberno. Toda esta historia é unha chapuza que nos vai costar aos caldenses 1,5 millóns de euros e pola que ninguén asume responsabilidades e tódolos responsables miran cara outro lado.

« **A lista de cousas que precisan mellorar en Caldas é infinita.** »



### **Que bota en falta na vila? Que lle gustaría mellorar?**

A lista de cousas que precisan mellorar en Caldas é infinita. Por unha banda, debemos dotar de servizos básicos a todos os veciños, independentemente de onde vivan. Todos teñen o mesmo dereito a contar cunha rede de saneamento e abastecemento, con conexión a Internet e con bos accesos. Precisamos

un Pobo coidado, limpo, pensado para as persoas, con rúas dignas, con zonas verdes e con aparcamentos disuasorios. Sen esquecermos tampouco da necesidade dun centro de saúde adecuado, moderno e situado nunha zona non peonil; así como unha programación de actividades culturais para todas as idades e unhas instalacións deportivas modernas. Todo isto pode resumirse en que o que fai falta en Caldas é un Goberno municipal preocupado única e exclusivamente por mellorar a calidade de vida dos caldenses e non un alcalde e uns concelleiros ausentes e descoñectados da realidade.

« **O meu compromiso é darlle a volta á nosa vila.** »

### **Máis aló de promesas e de programas electorais, cal é o compromiso que vostede adquire cos caldenses para ser o seu Alcalde?**

O meu compromiso con Caldas de Reis é total. De dedicación plena, de traballo, de vivir no pobo e estar preto dos caldenses, de contar co meu equipo, de escoitar, de gobernar para todos e non só para algúns, de estar ao carón dos colectivos, de cumprir os compromisos, de só dicir que si cando estou seguro que vai ser que si, de gobernar para todas as idades. En resumo, o meu compromiso é darlle a volta á nosa vila e convertela nun referente de prosperidade e modernidade acorde aos pobos máis avanzados de Galicia.

## **“ALGO PERSOAL”**

### **A que lle gusta adicar o seu tempo libre?**

Á familia, aos amigos, a viaxar, a escoitar música, a calquera actividade deportiva (bicicleta, sendeirismo, fútbol, buceo), ao cine ou á finca da miña casa (cortar o céspede, a facer algunha ñapa). Como se pode ver, non me da o tempo.

### **Da rica e variada gastronomía galega, con que plato se quedaría?**

A mesa é un dos meus maiores praceres. Un bo viño cun peixe, polbo, unha carne galega... Pero se tivera que destacar algo sería o marisco da ría. Calquera deles pero, en especial, a centola.

### **Que canción escollería como banda sonora da súa vida?**

Calquera de Dire Straits, de Bruce Springsteen, de Vetusta Morla... Pero dende o 2021 quédome con ‘Lela’ na versión de Carlos Núñez con Dulce Pontes, pola miña nai. Sempre que a escoito é imposible que non se me escape algunha bágoa.

### **Cal é o libro que non foi capaz de deixar de ler ata rematalo?**

Ultimamente, por desgraza, leo poucas novelas. A política esíxeme ler moita documentación do Concello e do Parlamento e o meu traballo obrígame a ler moitas novidades lexislativas, boletíns oficiais, materiais de consulta ou de reciclaxe formativo. Son tantas aos cambios lexislativos que ao chegar á casa o último que me apeetece e ler. Pero nunhas vacacións non fun capaz de deixar de ler ata que o rematei “Los hombres que no amaban a las mujeres”, de Stieg Larsson.

### **Unha cor**

Azul. En calquera dos seus tons: o azul do mar, dos ríos, do ceo, da bandeira de Galicia...

### **Que película marcou máis a súa forma de ver o mundo?**

Agora véñenme a cabeza “El muro”, de Alan Parker sobre o disco de Pink Floyd ou “La misión” de Rolan Joffé, coa banda sonora de Ennio Morricone.

# OS CALDENSES TEMOS QUE PAGAR AS DESFEITAS DO GOBERNO MUNICIPAL CON DÚAS SENTENZAS CONDENATORIAS E FIRMES

O **Partido Popular de Caldas** reclama responsabilidades políticas ao Goberno local pola recente resolución do Tribunal Supremo, que inadmite o recurso de casación na sentenza que condena ao Concello de Caldas a indemnizar con **672.000 euros**, máis intereses e costas, a unha promotora ao anularse a licenza de obra do edificio **número 57 da rúa Real**.


O voceiro local, Fernando Pérez, considera que **“é o exemplo máis grave e ilustrativo do desastre da política urbanística dos sucesivos gobernos socialistas no noso concello”** e explica que os veciños de Caldas de Reis terán que asumir máis de **800.000 euros**, xa que aos **672.000 euros** hai que incluír os intereses, a defensa xurídica e as costas.

Pérez di que **“a sentenza é firme, polo tanto chegou o momento de asumir responsabilidades. A este Goberno e aos responsables políticos este desastre non lles pode saír gratis, porque para os caldenses esta sentenza supón un tremendo machetazo aos recursos municipais”**.

Recordan que este mesmo asunto, **“xa se pagaron numerosas multas coercitivas ao alcalde, ao derribo parcial do edificio e todos os procesos e alegacións dun proceso que dura xa 20 anos”**, e que en total, poderían chegar ao

**1,5 millóns de euros**. Todo isto arranca cunha sentenza do ano 2002 que anulaba unha licenza de obra dun edificio e no que o equipo de goberno non defendeu axeitadamente os intereses do Concello **“nun acto de inconsciencia absoluta tendo en conta o que estaba en xogo”**.

Neste procedemento, como en outros, **“non se preocuparon de defender xuridicamente as licencias asinadas, no inicio do procedemento deixaron a defensa nas mans da dirección letrada da promotora”**. Por iso, sosteñen que **“este é un claro exemplo do que ocorre cun Goberno esgotado e sen proxecto político que nin goberna, nin defende axeitadamente os intereses dos veciños pero, o que é peor, nin asume responsabilidades polas súas tremendas desfeitas que afectan a todos os caldenses”**.



Este escándalo urbanístico **súmase a outra sentenza xudicial** do Xulgado Contencioso Administrativo número 3 de Pontevedra que estimou totalmente a demanda dunha empresa contra o Concello polo incumprimento dun convenio asinado polo Alcalde o 25/9/2009, no cal comprometía ao Concello a **recalificar no novo PXOM** uns terreos como industriais cando sabía perfectamente, como alegou na súa defensa nos Tribunais, que non era da súa competencia. Pero para colmo, presenta un informe valorativo dos **1.392,50**

**m2** que o Concello recibía nese convenio no que se conclúe que eses metros cadrados cedidos tiñan un valor de **35.160,62 euros**.

E xa no absoluto absurdo, logo de ter claro que non cumpría os compromisos que asinara, logo de ver que os **80.000,00 euros** eran máis do dobre do prezo da parcela, a parte contraria remite escrito no que propón unha rebaixa na cláusula penal fixada no convenio de **8.000,00 euros (10% menos)** e un pago aprazado e nin se digna a contestalo. Estamos seguros de que este procedemento fano porque son cartos de todos os Caldenses e non particulares de el, xa que se tivese que afrontalo persoalmente non chegaríamos a este punto.

Tivemos que pagar case que **100.000,00 euros entre principal, intereses e costas**.

Este escándalo urbanístico súmase a outra sentenza xudicial do Xulgado Contencioso Administrativo número 3 de Pontevedra que estimou totalmente a demanda dunha empresa contra o Concello polo incumprimento dun convenio asinado polo Alcalde o 25/9/2009, no cal comprometía ao Concello a recalificar no novo PXOM uns terreos como industriais cando sabía perfectamente, como alegou na súa defensa nos Tribunais, que non era da súa competencia. Pero para colmo, presenta un informe valorativo dos 1.392,50

## NOVO CENTRO DE SAÚDE. O EQUIPO DE DES-GOBERNO É INCAPAZ DE POÑER A PARCELA A DISPOSICIÓN DO SERGAS

A tardanza do concello de Caldas, cuxo centro de saúde estaba proxectado na **fase 1 do Plan de Infraestruturas de Atención Primaria**, ten propiciado que se adianten centros da **fase 2**, como o dos municipios de **Meis ou Barro**.

O conselleiro de Sanidade informou de que o **Plan Especial** segue sen solucionar a petición de aparcamentos suficientes e dun acceso axeitado ó novo centro de saúde, pero reitera que o COMPROMISO da Xunta de Galicia con esta construción é **INCUESTIONABLE, PRIORITARIA E URGENTÍSIMA**, e tras máis de catro anos segue esperando polos terreos.

Así pois o Sergas segue esperando pola cesión dos terreos, e que o **Plan Especial** dé resposta as necesidades de accesibilidade que un centro de saúde moderno precisa



# PREGUNTAS QUE SE FAN OS CALDENSES E AS ÚNICAS VERDADES PARA CONTESTALAS

## QUE PASA COA CONSTRUCCIÓN DO NOVO CENTRO DE SAÚDE?

Entendemos que os veciños estean confusos con este tema porque o goberno local PSOE-BNG de 2019-2020 anunciou a cesión duns terreos ao carón da escola de música en Santa María e, a día de hoxe, non está nada iniciado; tanto é así que non existe nin un só metro cadrado de terreo cedido ao Sergas.

O goberno local leva máis de tres anos coa tramitación para poñer a parcela en orde; a pesares destes atrancos intencionados do goberno local, o compromiso da Xunta de Galicia e do Sergas coa construción do novo centro de saúde de Caldas de Reis --que foi declarado prioritario--, é incuestionable xa que existe partida orzamentaria para a construción (páxina 39 do Plan de Infraestruturas sanitarias de atención primaria do Sergas); de feito, a Consellería de Sanidade xa requiríu a cesión por escrito ao Concello, enviou un borrador de convenio e incluso o conselleiro Julio Comesaña comprometeuse no Parlamento de Galicia ante unha pregunta do noso candidato, Fernando Pérez.

É máis, xa están en redacción os proxectos dos novos centros de Barro e Meis que estaban en fase 2 e o noso, que está en fase 1, está bloqueado pola nula xestión municipal. Esperamos que a cesión sexa inminente pero levamos máis de tres anos de retraso e o goberno municipal minte buscando sempre culpables alleos cando os únicos responsables desta situación son o BNG e o PSOE locais, pero o certo é que a día de hoxe a parcela segue sen ser cedida.

## COMO ESTÁ A AMPLIACIÓN DO IES AQUIS CELENIS?

Xa é unha realidade e nestes momentos, tra-la sinatura do convenio entre a Consellería de Educación e o Concello de Caldas de Reis, a Xunta está a redactar o proxecto de ampliación dunha obra que ascende a 3.750.000,00 euros e que dispón de partida orzamentaria específica.

A previsión é que a obra saia a concurso durante este ano e que dean comezo as obras a finais de 2023. Terá que ser o novo goberno quen asuma o compromiso de mercar os terreos necesarios para facer un aparcadoiro fóra do recinto escolar que evite a entrada de vehículos, ademais de acondicionar os accesos cunha rúa de dobre sentido (dende a N640 por Segade de Arriba) e, por último, facer peonil o acceso actual ao centro para maior seguridade dos nos@s estudantes.

## E OS SANEAMENTOS DE REGUENGO E PARADELA CON FINANCIACIÓN DA XUNTA DE GALICIA?

O convenio polo que a Xunta de Galicia aporta para estas obras máis de 600.000,00 euros está asinado e desbloqueado, pero a día de hoxe Augas de Galicia segue á espera de que se remitan os proxectos definitivos por parte do Concello de Caldas de Reis, así como todos os permisos sectoriais precisos. Non obstante, é a Deputación de Pontevedra, gobernada polos socialistas, quen non autoriza que se instale na estrada da súa titularidade en Paradela nas condicións que establece o proxecto técnico poñendo con elo un novo atranco que só perxudica aos nos@s veciñ@s.

## POR QUE NON SE LIMPA OS RÍOS NO TRAMO URBANO?

Como xa indicamos no seu día, a eliminación da Egeria Densa no cauce é responsabilidade da Xunta de Galicia, pero a limpeza do tramo urbano é unha tarefa que corresponde en exclusiva ao Concello; o goberno local anunciou un proxecto para a limpeza pero non o executou e, para xustificarse, coma sempre, dixeron que non lles deixaba Conservación da Natureza, cousa que é incerta xa que o que lle piden é unha memoria detallada de como o queren facer e o único que foi presentado polo goberno socialista foi un simple escrito que non concreta nada do pretendían levar a cabo. A día de hoxe esa memoria técnica segue sen ser presentada.



## O MAIOR INVESTIMENTO DA HISTORIA DA EDUCACIÓN DE CALDAS. A AMPLIACIÓN DO IES AQUIS CELENIS




O compromiso da Xunta de Galicia coa educación pública e con Caldas de Reis **é un feito**, un dos principais investimentos da Consellería de Educación nos orzamentos de 2023 é a ampliación do **IES Aquis Celenis** cunha dotación de **3.750.000,00 €**. Este é un logro da comunidade educativa do centro, que foi quen demandou este investimento e vai a ser unha realidade polo compromiso da anterior Conselleira, Carmen Poma, r e do actual, Román Rodríguez.

A ampliación do **IES Plurilingüe Aquis Celenis realizárase en vertical**, é dicir, construíndo un novo piso so-

bre os xa existentes, cunha superficie total construída de **2.372 m<sup>2</sup>** e estará dotado de aulas polivalentes para ESO e Bacharelato, aulas de música e debuxo e zona maker, entre outras instalacións. Ademais haberá unha zona para o uso docente, aseos, ximnasio e vestiarios.

Xa se está redactando o proxecto de ampliación e asinado o correspondente convenio co Concello que, segundo o mesmo, ten que obter terreos próximos para a habilitación dun aparcamento para outorgar as licencias e para a reurbanización convertendo o vteiro que pasa por diante en peonil, entre outras cuestións.



## A XUNTA PON EN MARCHA A PARCELARIA DE BEMIL

O voceiro dos populares, **Fernando Pérez**, amosa a súa **satisfacción** xa que é a resposta ao traballo duro e intenso que se fixo dende o grupo municipal para sexa unha realidade. Pérez lamenta que o alcalde, **“tentase apropiarse dun feito no que o único que fixo foi poñer pedras no camiño e lembrarse de Bemil cada vez que se acercaba un proceso electoral”**.

Os diferentes gobernos do PP da Xunta foron quen de pór en marcha a parcelaria en **3 das 8 parroquias rurais** do noso concello (Saia 1996, Godos 2001, Bemil 2022), mentres que os gobernos do PSOE e BNG non aprobaron nunca ningunha.

Recentemente o noso partido fixo unha reunión informativa no local social de Outeiro en Bemil cunha grandísima resposta dos veciños.

## EN MARCHA O SOTERRAMENTO DA LAT 66 KV PADRÓN

O **DOG do 13/7/2022** publicou o proxecto de soterramento da liña de **Alta Tensión** que atravesa o casco urbán, unha longa petición dos veciños, e que xa é unha realidade; o tramo que se está soterrando é o que vai dende o lugar da **Lavandeira en**

**Bemil** ata a **subestación de UFD** situada na rúa Juan Fuentes; este tramo sobre todo afecta os veciños de **Lavandeira, Outeiral, Hipólito de Saa, A Canle, rúa Tesouro e As Silgadas**. As obras xa están en marcha.

## A XUNTA DE GALICIA INAUGURA UNHAS MODERNAS E NOVAS INSTALACIÓNS DA OFICINA AGRARIA COMARCAL

A **Xunta de Galicia** inaugura unhas novas e modernas **instalacións da oficina Agraria Comarc**al. Coa actitude infantil do alcalde Juan Manuel Rey estivesmos a punto de perder este importante Servizo que permanece en Caldas de Reis gracias ó compromiso incuestionable da Xunta de Galicia co noso Pobo, investindo **72.000,00 €** na reforma e equipamento destas instalacións para atender a máis de **35.000 persoas da contorna**.



## CALDAS CONTOU CON TRES OBRADOIROS DE EMPREGO CONSECUTIVOS

O Concello contou nos últimos anos con **tres obradoiros de emprego** que formaron a máis de medio centenar de caldenses. A edición deste ano ten un orzamento total de máis

de **500.000 €**. Todos os talleres contaron con **formación práctica e teórica**. Os obradoiros foron financiados integramente pola **Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia**.

## A XUNTA COMPROMETE UN NOVO CENTRO DE SAÚDE

A Xunta contempla **nos orzamentos de 2023** unha partida de **200.000 €** para a redacción do proxecto **dun novo centro de saúde**. Isto remata ca demagogia do BNG e PSOE de Caldas **que sempre dicían que a Xunta non quería executar a construción**.

O **Plan Funcional aprobado pola Xunta para o novo centro de saúde de Caldas de Reis** prevé unha superficie de máis de **2.800 metros**, e importantes incrementos de espazo en todas as súas áreas.

O novo edificio disporá dunha **sala específica de técnicas, unha sala polivalente** e tamén **unha consulta para a docencia**, dedicada aos residentes que se forman neste centro. Así mesmo, permitirá integrar nun mesmo edificio a **área de fi-**



**sioterapia e a área da muller, coa consulta da matrona e unha sala de educación sanitaria.**

Na nova infraestrutura tamén se habilitarán espazos para poder incorporar a este centro novas prestacións, ao estar contemplada **unha consulta de farmacia de atención primaria, unha consulta de traballo social e unha área bucodental con servizos de odontoloxía e hixienista dental.**

Nesta liña, mellorarase o **Punto de Atención Continuada**, incrementando os seus espazos de consulta, con **salas de tratamentos e de urxencias** e dotando ao persoal do **centro de senllas sala de estar e de xuntas,**

xunto cun despacho de coordinación, destinado á **xefatura do servizo.**

## AS AXUDAS DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI) BENEFICIAN A MOITOS CALDENSES

Cun **orzamento de mais de 400.000,00 €** en total, os programas destas subvencións permiten que propietarios de inmobles de uso residencial e situados dentro da zona de actuación poidan desfrutar de **importantes axudas** e incluso o propio **Concello foi quen de reformar un tramo da rúa Real** con este programa.

Estas axudas inclúense dentro do **Programa de Rexeneración e Renovación Urbana e Rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021** e está financiado tamén polo IGVS da Xunta de Galicia. As reformas poden ser de **rehabilitación** ou para a **mellora da eficiencia enerxética e a sustentabilidade** beneficiarase dunha bonificación do 95% no ICIO.

## A XUNTA DE GALICIA LEVA A CABO, NESTA LEXISLATURA, UN INVESTIMENTO SEN PRECEDENTES EN ARCOS DA CONDESA

A **rehabilitación integral** da casa do Concello da ELM de Arcos da Condesa levouse a cabo grazas á subvención da Xunta de Galicia, na que se incluía a dotación de climatización e o cambio de toda a instalación a led para aforro enerxético.

A Xunta de Galicia subvencionou a **renovación do pavimento** e a **mellora da rede de evacuación de augas pluviais** no camiño de San Martiño co **obxectivo de mellorar a accesibilidade** da zona e **evitar riscos para vehículos e peóns.**

O Goberno galego do presidente Alfonso Rueda, realizou, nesta lexislatura, **tres veces labores de conservación do Camiño Portugués.**

A Xunta de Galicia subvenciona os proxectos **"Arcos 75 anos no Camiño. Ponte Bonita"** e **"As campás do Camiño"** cos cales se levou a cabo unha **remodelación completa** dos **espazos públicos de Arcos.**

Importantes investimentos adxudicados no monte de utilidade pública.

A **Xunta de Galicia subvencionou a varias Comunidades de Augas e Asociacións de Veciños de Caldas de Reis** para a mellora de abastecementos e edificios dos colectivos.

O **Xacobeo** patrocina o **Caldas CF e o Club Acuático Umia**, aportando **unha dotación económica** que lles permite afrontar investimentos e gasto corrente.

O **Presidente Alfonso Rueda** promociona o **Camiño Portugués de Santiago** durante o **Xacobeo 2021-2022**, facendo o tramo que atravesamos o noso Concello. O éxito do noso Camiño **superou todas as expectativas** e leva a converter este recurso turístico no **principal motor económico de Caldas de Reis.**

As **importantísimas axudas** da **Xunta de Galicia** con motivo da **crise da Covid** ao **comercio, industria e hostalería** permitiron que as empresas do noso concello superaran esta crise e incluso renovaran as súas instalacións.





Estimad@ veciñ@:

Achégote este boletín coa fin de que me coñezas un pouco mellor e poidas recibir información de primeira man de todo o ocorrido no noso Concello durante este mandato que está a piques de rematar.

Durante estes últimos catro anos puxemos a disposición de tod@s vós tres boletíns para que estivédeses puntualmente informados daqueles temas que, ao noso xuízo, foron importantes para o desenvolvemento da nosa vila; invítoche a que o leas e que saques as túas propias conclusións. Eu asegúroche que os cinco concelleiros do Partido Popular de Caldas de Reis traballamos arreo co único obxectivo de que o noso Pobo progresse.

Fomos quen de petar en todas as portas, a pesares de non gobernar, e acadamos importantísimos investimentos para Caldas de Reis, algúns xa executados e outros que veremos concretados axiña; lamentablemente atopámonos cun goberno municipal esgotado, en proceso de xubilación, sen ideas e que, en lugar de buscar solucións só adicou o seu tempo a buscar culpables para agochar a súa propia incompetencia; só unha mostra: este goberno esgotado unicamente conseguiu aprobar uns orzamentos, os do ano 2020, gracias, coma sempre, ao seu socio, por momentos, o BNG que quixo ser goberno e oposición ao mesmo tempo.

Durante estes últimos catro anos, tal e como podedes observar nesta publicación, a nosa xestión demostrou que a Xunta de Galicia do Partido Popular inviste en Caldas de maneira obxectiva, sen ter en conta a cor política do goberno municipal, facendo investimentos nunca vistos na historia de democracia no noso Pobo, namentres que o goberno de Pedro Sánchez non achega nin un só euro, e incluso rexeita en Madrid a nosas emendas aos orzamentos, naqueles investimentos que Caldas precisa.

Quero agradecerche, por último, a túa amable atención e lembrarche que tesme á túa disposición nos datos de contacto que se inclúen neste boletín, no whatsapp 621224620 e na web [www.ppcaldas.es](http://www.ppcaldas.es), onde estarei honrado de comentar contigo calquera dúbida ou aclaración que puideras precisar.

Na confianza de poder saudarche persoalmente nas vindeiras semanas, envíoches un saúdo con afecto.

Fernando Pérez  
Candidato á Alcaldía de Caldas de Reis.



# Fernando Pérez

 | CALDAS DE REIS



#e  
o momento